PARLAMENTO DE GALICIA

Pilar Rojo interpreta que a decisión adoptada na 33ª reunión do Comité do Patrimonio Mundial recoñece os esforzos do conxunto de Galicia para preservar os seus sinais de identidade e trae á memoria a pegada indeleble da romanización na Comunidade

A PRESIDENTA DO PARLAMENTO FELICITA AOS CORUÑESES POLA INCLUSIÓN DA TORRE DE HÉRCULES COMO PATRIMONIO MUNDIAL

Santiago, 27 de xuño de 2009.- A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo, en nome propio e no de todos os integrantes da Cámara autonómica, felicita a tódolos coruñeses e galegos pola decisión da Unesco de incluir á Torre de Hércules no listado de patrimonio mundial, recoñecendo, deste xeito, non a só significación do único faro romano que continúa en pe na actualidade, senón tamén as innumerables adhesións suscitadas pola candidatura deste monumento.

A decisión adoptada hoxe en Sevilla durante a 33ª reunión do Comité de Patrimonio Mundial da Unesco recoñece tamén, a xuízo de Rojo Noguera, os esforzos do conxunto de Galicia por preservar os seus variados sinais de identidade, sustentados en boa parte sobre un vasto patrimonio monumental; ao tempo que volve a poñer de actualidade a pegada indeleble da romanización nesta Comunidade Autónoma.

A presidenta do Parlamento de Galicia fai votos para que a unanimidade política e social acadada para arroupar a candidatura da Torre de Hércules sirva de exemplo para configurar outros consensos que a Comunidade Autónoma precisa para superar con éxito os diferentes problemas que ten plantexados neste momento.

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA.

Departamento de Prensa: Gabinete da Presidencia do Parlamento de Galicia
Tel. 981 551 329 – Fax.: 981 551 400; e-mail: carlos.varela.castineiras@parlamentodegalicia.es